



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO, A AXENCIA DE INFRAESTRUTURAS DE GALICIA, O CONSORCIO TURISMO RIBEIRA SACRA, A DEPUTACIÓN DE LUGO E A DEPUTACIÓN DE OURENSE PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE ACCIÓN DA PAISAXE NA RIBEIRA SACRA

(1) O Instituto de Estudos do Territorio (IET), organismo autónomo da Xunta de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda foi creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, como consecuencia do mandato legal do artigo 31 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, á vez que dispuxo a súa adscrición á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio. Actualmente regúlase na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia que derogou ás anteriores.

Os seus estatutos foron aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, e posteriormente modificados polo Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia, exerce, entre outras, as seguintes funcións:

A realización de investigacións metodolóxicas, bases de datos e indicadores para o seguimento do desenvolvemento territorial de Galicia, co obxectivo de alcanzar a xestión dinámica das súas paisaxes; A realización de análise e diagnósticos e a formulación de propostas e alternativas para a ordenación e xestión do territorio desde unha perspectiva global de fronte ao desenvolvemento sustentable e a cohesión territorial de Galicia; O impulso da cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, a fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión e ordenación anteriormente sinalados; Así como a posta en marcha de instrumentos para a protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia.

Neste convenio de colaboración queda patente a vontade de colaborar no desenvolvemento de actuacións que teñen por finalidade a consecución dun fin de interese xeral, como é o da protección, a xestión e a ordenación da paisaxe, en consonancia co artigo 1 da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

A Axencia Galega de Infraestruturas é unha axencia pública autonómica que se encadra dentro das entidades públicas instrumentais reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.





A Axencia Galega de Infraestruturas está adscrita á consellería competente en materia de infraestruturas, ten personalidade xurídica propia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía na súa xestión, dentro dos límites establecidos polas leis.

Á Axencia Galega de Infraestruturas correspóndelle o exercicio das funcións que establece o Decreto 173/2011 (modificado polo Decreto 165/2015 e polo Decreto 37/2017), entre elas as mais salientables son as seguintes:

A elaboración de directrices de coordinación e planificación que garantan a coherencia e funcionalidade das infraestruturas viarias de titularidade da comunidade autónoma.

A emisión de informe nos procedementos de aprobación, modificación ou revisión dos instrumentos de ordenación do territorio e dos instrumentos de ordenación urbanística que afecten directamente algunha estrada de titularidade autonómica.

A redacción de propostas de normativa e instrucións técnicas e administrativas para as estradas de titularidade autonómica, provincial e municipal.

A elaboración, seguimento, supervisión, control e aprobación técnica da planificación operativa dos instrumentos previstos na normativa de ordenación do territorio, así como dos estudos informativos, de impacto ambiental, anteprojectos e proxectos en materia de estradas.

A elaboración dos plans, programas de actuación e orzamentos e o seu control e axuste, en relación coas infraestruturas incluídas no ámbito de competencias propio da axencia.

A xestión dos expedientes expropiatorios necesarios para a construción ou o establecemento das infraestruturas relativas a materias da súa competencia.

A xestión e tramitación de expedientes de contratación administrativa en materias incluídas no ámbito das súas competencias.

O estudo e o desenvolvemento de novas técnicas de realización de estradas.

A xestión de autorizacións administrativas en materia de instalacións de servizo e concesións de áreas de servizo na área de influencia das estradas de titularidade autonómica.

Segundo o disposto nos artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar aos seus cidadáns os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Segundo o disposto no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local e o artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, son competencias





propias da Deputación ou entidade equivalente en todo caso (...) A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión (...).

De conformidade co establecido polo artigo 55.d) en relación co artigo 10.1 e 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril e os artigos 187, 194 e 195.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, correspóndelle á Comunidade Autónoma, a prestación da cooperación e asistencia activa que as entidades locais puideran precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas, podendo levar a cabo mediante subvencións eventuais ou continuas e a subscrición de convenios as relacións de colaboración e cooperación económica.

A paisaxe evoluciona constantemente, transfórmase sen cesar debido ás diversas actividades humanas que se desenvolven no territorio. Nas últimas décadas tanto o número como a intensidade e a velocidade dos cambios na paisaxe foron moi altos, e a miúdo comportaron a perda dunha parte dos seus valores e a súa degradación. A sociedade é cada vez máis consciente de que hai que adoptar un cambio de actitude cara á paisaxe, orientado a preservar e potenciar os seus valores (ambientais, culturais, estéticos, de uso, etc.).

A paisaxe é un compoñente destacado da calidade de vida das comunidades no marco dun desenvolvemento equilibrado e constitúe unha dimensión básica para a comprensión do territorio e de como ten sido a relación histórica dos habitantes con este. Por este motivo, a paisaxe debe ser un factor importante na toma de decisións sobre os procesos territoriais e ser integrada e considerada na acción das diferentes administracións e axentes socioeconómicos dun lugar.

(2) Antecedentes. O artigo 12 da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia establece que a consellería competente en materia de paisaxe elaborará plans de acción para a protección, xestión e ordenación da paisaxe naqueles territorios declarados como espazos naturais protexidos segundo o disposto na normativa galega vixente en materia de patrimonio natural, así como nas áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) identificadas nos catálogos da paisaxe.

Os plans de acción axustaranse ás determinacións contidas nas directrices de paisaxe para o territorio a que se refira, de conformidade cos obxectivos de calidade paisaxística establecidos, e incluírá ademais unha proposta de medidas para o mantemento, mellora, recuperación ou rexeneración das paisaxes presentes no seu ámbito.





Pola súa banda, o Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia regula nos seus artigos 12 e 13 o procedemento de elaboración dos plans de acción da paisaxe, que se iniciarán por acordo da persoa titular da consellería competente en materia de paisaxe e cuxo acordo de aprobación definitiva será publicado no Diario Oficial de Galicia.

Correspóndelle ao Instituto de Estudos do Territorio a coordinación e dirección e, de ser o caso, a realización dos traballos de redacción dos plans de acción da paisaxe.

En data 26/03/2021 asinouuse o acordo de inicio do plan de acción e someteuse a información pública por 2 meses (Publicado en DOG 19/04/2021 e ata o 29/06/2021).

Igualmente solicitáronse os informes preceptivos o 14/04/2021 dando un período de 3 meses para a súa emisión.

Finalmente, en data 15 de xullo de 2021 aprobouse o Plan de Acción Ribeira Sacra mediante orde da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Esta actuación enmárcase dentro do Plan de acción estratéxico para a Ribeira Sacra, impulsado no ano 2019 pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda co fin de promover un total de 10 actuacións ambientais e de ordenación do medio físico cun orzamento de 3,5 millóns de euros para mellorar e poñer en valor este territorio, reforzando así a súa candidatura a Reserva da Biosfera.

Cómpre lembrar que o regulamento da Lei de protección da paisaxe de Galicia establece que lle corresponde ao Instituto de Estudos do Territorio, organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a coordinación, a dirección e, de ser o caso, a realización dos traballos de redacción deste tipo de instrumentos.

En concreto, prevese o desenvolvemento dun Pacto Pola Paisaxe e dun Plan de Acción da Paisaxe, circunscribíndoo ao territorio de dous itinerarios de Interese Paisaxístico con valores panorámicos que transcorren maioritariamente na AEIP:

16. Chantada - Ponte Nova dos Peares.

17. Monforte de Lemos – Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (no tramo que conecta Cristosende co Mosteiro de Santo Estevo).





Neste contexto é no que se aborda a elaboración do Plan de Acción, promovido polo Instituto de Estudos do Territorio. Tras un estudo detallado dos itinerarios e doutras iniciativas en desenvolvemento, óptase por incorporar ao Plan de Acción o tramo Doade Pombar, sen limitalo ao tramo que propoñía o Informe estratéxico da CMATeV (Cristosende-Mosteiro de Santo Estevo), xa que quedarían excluídos puntos con alto interese paisaxístico.

O Plan de Acción da Paisaxe definirá as actuacións a realizar no ámbito dos itinerarios e o Pacto pola Paisaxe aborda unha intervención máis xeral na AEIP-05-03 Ribeira Sacra e na súa Área de Influencia.

(3) Finalidade. Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Consorcio Turismo Ribeira Sacra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

(4) O convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre o Organismo Autónomo Instituto de Estudos do Territorio, a Axencia de Infraestruturas de Galicia o Consorcio Turismo Ribeira Sacra, a Deputación de Lugo e a Deputación de Ourense, que de maneira voluntaria subscriben e desenvolven este acordo, para a execución do Plan de acción da paisaxe na Ribeira Sacra , mellorando as paisaxes e a calidade de vida dos cidadáns no marco do desenvolvemento sostible.

Ao tratarse dun convenio plurianual deberá ser autorizado polo Consello da Xunta de Galicia.

(5) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Atendendo á finalidade dos investimentos que pretende o consorcio, a actuación encádrase dentro do previsto no artigo 12 da 7/2008 do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia, que ten un reforzo adicional no previsto no artigo 12 do Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

Así, o artigo 23, do Decreto 96/2020, do 29 de maio regula o contido dos plans de acción da paisaxe, establecendo que conterán:

a) Diagnose do estado actual da paisaxe, en que se identifiquen os tipos e unidades de paisaxe presentes na zona, os valores paisaxísticos, os elementos e lugares de singular valor e as áreas degradadas ou que sufriron algún impacto paisaxístico.





b) Proposta de medidas para a consecución dos obxectivos de calidade paisaxística establecidos polas directrices de paisaxe, mediante o mantemento, a mellora, a recuperación ou a rexeneración, segundo corresponda, dos elementos conformadores, dos valores ou das zonas afectadas.

Estamos polo tanto ante unha mellora da paisaxe, orientada a preservar e potenciar os seus valores (ambientais, culturais, estéticos, de uso, etc.), dando cobertura ás necesidades da cidadanía e, polo tanto, susceptibles de recibir axudas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do seu orzamento de gastos, competencia que está contemplada no artigo 10 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do Instituto de Estudos do territorio, que establece como funcións propias do Instituto de Estudos do Territorio:

“A posta en marcha de instrumentos para a protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia, tales como os catálogos e as directrices de paisaxe, os estudos de impacto e integración paisaxística, os plans de acción da paisaxe en áreas protexidas, (...) así como calquera outro que se entenda como necesario para o cumprimento dos puntos anteriores”.

“O impulso da cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, a fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión e ordenación anteriormente sinalados”.

Isto vese reforzado na medida en que o Consorcio Turismo Ribeira Sacra está integrado por 21 concellos das provincias de Lugo e Ourense.

En consecuencia, constatadas as necesidades, o seu interese público e tendo en conta os beneficios que se derivan para o seus habitantes e a poboación en xeral, a Consellería considera axeitado colaborar na execución das actuacións e para iso contribuír cunha achega económica máxima de cento trinta e tres mil euros (133.000,00 €).

A dita achega, ten que realizarse a través do consorcio, xa que é esta administración a máis próxima ao territorio e aos cidadáns beneficiarios. Por iso, a máis axeitada para o cumprimento dos obxectivos previstos.

De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e





concorrenza pública, xa que o obxecto deste acordo forma parte da candidatura da Ribeira Sacra a Reserva da Biosfera, nunhas áreas de especial interese paisaxístico, que fusionadas, conforman a área de especial interese paisaxístico "Ribeira Sacra".

Neste punto cómpre incidir na finalidade da Lei 7/2008 do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, que no seu artigo 7 manifesta que a Xunta de Galicia impulsará a cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, a fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cubro dos fins que se conteñen na presente lei; no artigo 5 sinala que os poderes públicos velarán para que no ámbito da súa competencia e da natureza de cada territorio se adopten as medidas específicas necesarias para a protección, xestión e ordenación da paisaxe; e no seu artigo 2.2, ao falar dos principios inspiradores da Lei, recolle os de deseñar e aplicar políticas destinadas á protección, xestión e ordenación da paisaxe, integrando estas políticas nas de protección ambiental, de ordenación territorial e urbanística, en materia cultural, turística, agraria, social ou económica, e naquelas outras que poidan ter un impacto directo ou indirecto sobre as paisaxes.

O convenio trata igualmente de reforzar, por razóns de oportunidade e eficiencia na asignación dos recursos públicos, candidatura da Ribeira Sacra a Reserva da Biosfera, dado o resultado e recoñecemento que se pretende conseguir.

Sen esquecer que, ademais da mellora e protección da paisaxe, estas actuacións repercutirán no desenvolvemento económico, cultural e social non só do ámbito territorial afectado senón, á súa vez, na totalidade da Comunidade autónoma, gracias á publicidade e ao potencial tránsito de visitantes tanto de Galicia como do resto do territorio español e de países estranxeiros, se ben isto esixe unhas previas actuacións de protección da paisaxe que preserven a beleza do territorio.

Polo exposto, e na medida en que tales fins non se conseguirían con tal intensidade a través doutras fórmulas de concesión de subvencións, sendo os recursos económicos limitados, debe optarse por instrumentos que reporten unha mellor relación entre os investimentos e o seu retorno.

Como temos exposto, este plan de acción de paisaxe, coa participación do Consorcio Turismo Ribeira Sacra, aglutina á súa vez os intereses de 21 concellos das provincias de Lugo e Ourense, e pretende a posta en valor de paisaxes de interese a través do compromiso de aplicar os criterios de protección, xestión e ordenación da paisaxe (mediante a aplicacións das guías e das directrices da paisaxe), a





través dunha serie de actuacións imprescindibles para mellorar e satisfacer as necesidades da cidadanía.

As partes concorren na sinatura deste convenio por razóns de interese público, xa que a participación e colaboración das institucións que subscriben este acordo servirá como instrumento para acadar unha maior eficacia e coordinación dos entes integrantes.

Todo o exposto xustifica, polo seu carácter de excepcionalidade, o procedemento de concesión directa por serlle de aplicación o establecido no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no 36.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei de subvencións de Galicia.

O Consorcio cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As notas principais do convenio como medio para instrumentar a colaboración de ambas as dúas partes son as seguintes:

- Ningunha das partes terá interese patrimonial.
- Os intereses perseguidos polas partes son públicos e comúns.
- O beneficiario dos resultados acadados será a comunidade.

(6) Estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014., con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Para o non previsto no presente convenio, resultará de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xuño,





Tendo en conta as anualidades do convenio a súa sinatura debe someterse á autorización previa do Consello da Xunta por aplicación do establecido na Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou incumprimento das obrigas que se deriven deste convenio de colaboración e que non puidesen ser dirimidas pola Comisión de Seguimento creada ao efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Santiago de Compostela

O director do Instituto de Estudos do Territorio

Francisco Barea Paz

(Asinado electronicamente)

